

Memoria crítica da Escola desde a Universidade

Herminio Barreiro Rodríguez

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO: Este traballo é o resultado dunha experiencia que se desenvolveu durante o curso 2003-2004 na facultade de Educación con alumnos procedentes de todas as facultades da Universidade de Santiago. A intención de partida era facer unha análise das percepcións que os alumnos teñen do sistema educativo no seu conxunto. Ademais de abondosos os resultados amosan unha crónica en primeira persoa que cando menos debe invitar á reflexión

ABSTRACT: This article is the result of an experiment carried out at the School of Education with the participation of students from all the different schools of the University of Santiago during the 2003-2004 school year. The purpose of this study was to analyse how the students perceived the educational system as a whole. The results provide a wealth of information including a first-hand account which, at the very least, should induce reflection on the subject.

Foron ducias e ducias. Foron centos os alumnos e as alumnas da Universidade de Santiago de Compostela, desta vella e querida USC, que, de súpeto, sen saber cómo nin por qué, apareceron polos corredores da Facultade de Ciencias da Educación, dispostos a arramplar co maior número posíbel de créditos do curriculum pedagóxico da nosa Casa e a trasvasalos para o seu particular peto curricular persoal.

Apareceron solicitando, en particular e moi principalmente, un lugar nas materias teóricas, históricas e sociais. E, verdadeiramente, foron cáseque miles os que viñeron a verme, decididos e firmemente dispostos a abordar practicamente todos os temas posibles na asignatura de Historia da Educación. Eran oleadas e oleadas que inundaban cada día as dependencias desta nosa pequena "atalaia" -que está no mesmo límite do Campus Sur da USC-, xa desde os primeiros días de setembro do 2003.

¿Eran a resaca ou o relanzamento do movemento estudiantil compostelano de novembro do 2001? Seguramente, as dúas cousas. Resaca nostálgica dunha mobilización social estudiantil sen precedentes, que xa forma parte da vida de todas e todos íles. Resaca viva que xa é carne da súa carne para sempre. Por iso, vese xa con claridade que aquelas e aqueles que non participaron nas manifestacións e expresións multiformes e creativas de novembro do 2001, lamentarán durante toda a súa vida o non telo feito. Xa non pararán de laiarse. Nunca poderán dicir: "¡eu estiven alí!". Nunca poderán saborear a dozura de sentir todos xuntos, a excitación de pensar colectivamente, o tremor de actuar e marchar en masa

pola cidade. Sensacións únicas e irrepitibles que xeneran e producen a eito e de maneira practicamente irreversible conciencia social, conciencia cívica e conciencia política.

Por iso coído que era algo máis que resaca. Tiña tamén tódalas trazas de ser un auténtico relanzamento. Porque sen aquel primeiro impulso, sen aquela acción de masas tan decidida, sentida e querida, non poderíamos explicar seguramente todo o que pasou despois. I é que ¡sábase ben!: sen o “¡non á LOU!” do 2001 -¡tan coreado, tan vivido, tan quente sempre!-, non sería posibel explicar a reacción popular enteira o do ¡nunca máis! de todo o noso país, no 2002 -¡si, si, coa avangarda estudiantil á fronte!-, con ocasión da catástrofe do Prestige (¡a maneira máis clamorosa de decirlle ao mundo que por fin nós xa somos nós mesmos!). Nin sería posibel entender o explosivo “¡non á guerra!” do 2003. Nin tampouco sería posibel explicar o resultado das eleccións xerais do I4-M do 2004, co seu acompañamento de acontecementos, de rupturas e de interpretacións da complexa situación política mundial.

Un chaparrón académico

Así foi. A partires de setembro do 2003 foron chegando á nosa Casa, en grupos cada vez máis numerosos, moitísimos estudantes de tódalas Facultades da USC. Estudantes de Medicina, de Odontoloxía, de Enfermería, de Económicas, das Filoloxías, de Xornalismo, de Historia, de Traballo Social, de Relacións Laborais, de Química, de Enxeñería Química, de Física, de Psicoloxía, de Filosofía, de Políticas, de Farmacia, de Biolóxicas, de Matemáticas, de tódalas titulacións de Ciencias da Educación; en definitiva, da maior parte das Facultades desta Universidade....

Estudantes, claro está, de tódalas latitudes da nosa terra, de toda Galicia. Da Galicia da beiramar –Ribadeo, Foz, Ferrol, Coruña, Fisterra, Ribeira, Vilagarcía, Pontevedra, Vigo, A Guarda- e da Galicia do interior, desde a Terra Chá ata o Val Miñor, de Verín a Quiroga, do Caurel a Compostela –como diría Uxío Novoneyra-. E mesmo estudantes de fóra de Galicia. De León, Madrid, Asturias, Barcelona, Bilbao. E de máis alá de España: de Marrocos ou de Latinoamérica. Rapaces e rapazas nados na emigración galega en Europa e América: en París, Berlín ou Xenebra; en México, Buenos Aires ou Caracas. Elenco extraordinario para detectar a sintomatoloxía do que pode ser o futuro do noso país.

Por suposto, estudantes –como non podía ser menos- de tódalas procedencias sociais. Unha mostra magnífica da nosa mocidade. O que sería unha tentación irresistible para os namorados das pesquisas sociolóxicas e dos estudos de campo. Un escaparate da xuventude para analizar o estado de ánimo colectivo da nosa sociedade ou para levar a cabo unha cala fantástica á hora de comprobar o estado da cuestión política e o estado da cuestión social -con futuros psicólogos sociais, futuros sociólogos, futuros científicos e futuros profesionais en acción-.

—¿Por qué viñeron a verme e qué querían? Pasáranse uns aos outros a información: querían facer *Historia da Educación*. Tiñan moito interese en estudar *Historia da Educación*. Nove créditos de “libre configuración” comprimidos nun cuadrimestre, dispensa de asistencia a clase, notas altas. En fin, as condicións estaban dadas. E foi así como empezou a marea. En setembro chegaron os primeiros en viaxe “de exploración”. A medi-

da que avanzaba o mes, iban chegando máis e máis. A primeiros de outubro, a avalancha xa era total e todas as previsións estaban desbordadas.

Evidentemente, todas e todos os que xa falaran conmigo, máis o alumnado regular da titulación de Pedagogía, rebasaban con moito a capacidade das aulas das que dispoñemos. Chaméi á “Unidade de Xestión Académica” e os compañeiros de Administración da UXA ficaron sorprendidísimos cos datos: a matrícula disparárase de tal maneira que sobrepasaba con moito os seus cálculos. Trataron de pechala, pero non era posíbel, porque a materia en cuestión aparecía “sen límite de prazas” e os estudantes estaban no seu dereito a solicitala. Outros anos aparecía tamén así, pero non se cubrían enteiramente as prazas. O caso é que nunca antes se tiña dado tal demanda e, de súpeto, houbo que facer fronte a este *boom* “libreconfigurador” inesperado (¿estaremos vivindo a era dos acontecementos inesperados?...).

A Secretaría da USC tomou cartas no asunto: había que reunir ao Departamento de Teoría e Historia da Educación e facer unha proposta. Unha vez estudado e discutido o problema, fíxenme cargo dunha matrícula de máis de cincocentos estudantes que, por razóns de calendario, seguiría aberta ata o 15 de decembro. Ou seña, que poderían vir aínda algúns máis. Como así foi: a matrícula dese curso chegaría case aos setecentos alumnos. *Pecata minuta* para unha experiencia que iba ser, sen dúbida, a máis estimulante e gratificante de toda a miña vida académica. Inesquecible curso este do 2003-2004. Case coma aquel outro do 2001-2002.

Pero, ¿qué solución ou qué solucións técnicas se podían adoptar diante de tal número? Imposible pensar nun curso reglado normal. Tiña que ser unha mestura de clases presenciais e traballos dirixidos a máis ou menos distancia –case como na UNED-.

A primeira medida foi convocar a todo o estudantado desta materia que non se tivera entrevistado conmigo previamente –e que aínda non soubera qué facer- a unha xuntanza masiva na maior das aulas desta Facultade de Ciencias da Educación. A convocatoria individualizada foi feita por medio dunha comunicación remitida polos compañeiros de Administración da UXA.

E así foi cómo o 11 de novembro de 2003 levamos a cabo unha macroxuntanza que parecía unha reedición das magnas assembleas do movemento estudiantil de novembro do 2001. Por iso me preguntaba máis arriba: ¿*resaca* ou *relanzamento*?. O certo é que aquel día eran moitos os estudantes que desbordaban a aula, atestaban os corredores e ocupaban o estrado desta Facultade. Era coma se o goberno e a boa marcha da Universidade fosen a cousa máis doada do mundo. E así tiña que ser sempre.

Os profesores e os dirixentes da Universidade deberían sentirse a cotío entre os estudantes coma o peixe na auga. Non o esquezamos: eles son a nosa única razón de ser. Giner de los Ríos dixo un día que podemos imaxinar unha Universidade sen medios; ou unha Universidade mesmo sen edificio; ou unha Universidade sen biblioteca, por exemplo; ou podemos chegar a pensar nunha Universidade incluso sen profesores (lembrems a vella Universidade de Boloña); pero o que non poderemos nunca é imaxinar unha Universidade sen estudantes. Porque eles son a esencia mesma da institución.

Un programa de traballo

Unha vez reunidos e unha vez que todos sabiamos de todos, apareceron as primeiras propostas de traballo académico. ¿Que facer? ¿Como facer posible e viable unha docencia tan heteroxénea para un alumnado tan heteroxéneo? Había que recurrir necesariamente ás solucións híbridas. Por unha banda, docencia presencial para todos os que puidesen asistir, pero contando que nunca deberían pasar dos cen, cento e pico. Por outra, unha oferta variada tendo en conta a procedencia do estudiantado. E, por último, a posibilidade tamén de confeccionar “menús” individualizados de traballo “á carta”, en función da carreira, dos estudos e dos gustos de cada quen.

A docencia presencial dentro da propia institución, isto é, as clases regulares, deberían seguir o seu curso habitual. Efectivamente, xa viñan desenvolvéndose con normalidade desde os inicios de outubro. Pero, paralelamente, invitábase ao novo estudiantado que se iba incorporando –mentras a matrícula seguía medrando- a asistir...

A estrutura das clases baseábase nos comentarios de textos de autores clásicos da *Historia da Pedagogía*. As alumnas e alumnos estaban convidados a levar un diario de clase como primeira opción para seren avaliados. Ou ben a facer dous traballos académicos sobre autores, con textos comentados e outras aportacións.

Despois da xuntanza do 11-N, as posibilidades de traballo académico multiplicáronse. Xustamente para atender esa heteroxeneidade e variada procedencia curricular dos estudantes á que antes me refería, abriuse notabelmente o abano de opcións de traballo académico.

En primerio lugar, fíxose unha oferta estritamente académica e “clásica” de contacto coa materia, para todos aqueles que quixeran saber de qué vai a *Historia da Educación* en tanto que disciplina formativa, humanista e complementaria do curriculum pedagóxico.

A vía máis “económica” para esa opción foi a famoso manual de Lorenzo Luzuriaga *Historia de la Educación y de la Pedagogía*, un manual moi ben escrito e sintetizado, breve e sinxelo, unha peza pedagóxica inestimabel que é un valor histórico en si mesmo, tanto pola súa proxección universal desde que foi escrito –o seu limiar orixinal aínda rezuma o dolor da segunda guerra mundial que estaba a ter lugar cando foi escrito por Luzuriaga- como polo número de edicións que dil se levan feito. Unha perla, en suma, dentro das publicacións pedagóxicas en español.

Un manual o de D. Lorenzo que leva en si toda a solera e todo o sentimento tráxico do desgarrado século XX en España, aquí, na propia “pel de touro” e alá, no exilio ultramarino. Recordemos que ese manual –de tanta circulación hoxe entre os estudantes de Pedagogía de España e Latinoamérica-, que é todo un clásico da coñecida editorial Losada, foi escrito lonxe, en Buenos Aires. Pero sabemos ben que, mentras o escribía, a imaxinación e o corazón do autor deambulaban polas terras de España...

Tratábase, neste caso, de traballar sobre autores ou temas –unha monografía coa estrutura dun artigo de revista, por exemplo- que aparecen nese entrañable manual de época –en realidade, de mediados do século XX- que, como vimos de dicir, é un libro

sobre historia que ten un valor histórico por si mesmo. Eis, por tanto, a primeira opción anunciada ás masas estudiantís aquel 11 de novembro do 2003. Noustante, non houbo moitos estudantes de curso dispostos a escoller esta opción. Parece que os “manuais” como tales non teñen moi boa prensa entre o estudiantado.

Naturalmente, non podiamos ficar aí sen máis. E a nova proposta sería unha lectura e unha recensión, comentario, resumen, discurso paralelo, ou algo así –isto é, o que suxerise a propia lectura do libro- dun famosísimo ramillete de leccións histórico-educativas do intelectual arxentino Aníbal Ponce –psicólogo, educador, médico, investigador, axitador de consciencias-. É autor Aníbal Ponce dun libro que ten un título que é como un anuncio, unha proclama ou un panfleto revolucionario: *Educación y lucha de clases*, multeditado en América e en España –teño edicións de Arxentina, Colombia, Cuba e do galego Ramón Akal en España-.

Educación y lucha de clases é un ensaio crítico marxista espléndido, profundo e pedagóxico a un tempo, cheo de ritmo e de vivacidade. Ás veces mesmo un pouco simplificador –acorde en todo caso con aqueles tempos desasosegantes, pero esperanzados a un tempo, dos anos 30, en que foi escrito, ou mellor, en que foron pronunciadas as “leccións” que o conforman, na Universidade de Buenos Aires-. Un libro, en fin, que é como un viaxe sereno, triste e alegre, un pouco escéptico si se quere (a propósito da capacidade socialmente transformadora da educación e dos sistemas educativos en xeral), pero, de calquera maneira, sorprendente, magnífico e sempre maravilloso, pola historia da educación universal. Libro, ademáis, breve e sucinto, atractivo e ben escrito, a pesar de seren textos escritos tomados como apuntes, a partir de exposicións orais.

O certo é que foron máis de cen os alumnos e alumnas do curso que se inclinaron por esta opción, tan xeneralista e tan aberta, tan sinxela e tan sintéticamente informadora e abarcadora. E houbo, xunto a traballos máis de pasar e máis ben mecánicos, “burocráticos” e así como bastante pouco creativos, outros que, polo contrario, foron extraordinarios, sobre a educación e a súa historia, críticas fantásticas e comprometidísimas; en fin, pequenas obras de arte académicas feitas por futuros psicólogos ou historiadores –que é o seu- ou feitas por futuros médicos, farmacéuticos ou químicos –que xa non ten por qué ser tanto o seu-.

Émile Durkheim, o coñecido sociólogo francés, tan positivista, tan práctico, tan claro, foi a reclamo para todos aqueles que gustaran de traballar sobre algún tema relacionado coa educación medieval e moderna ou ben coa configuración primeira dos sistemas educativos europeos contemporáneos. Isto é, tratábase de Europa. Tratábase de someter a xuízo a famosa obra durkheimniana *Historia de la educación y de las doctrinas pedagógicas. La evolución pedagógica en Francia*, tal e como aparece na colección “Genealogía del poder” da editorial “La Piqueta”, de tantas resonancias subversivas na cultura crítica dos anos 80 e de tanta importancia nos 90, co impulso que lle deron ás súas coleccións a socióloga Julia Varela, moi laureada últimamente, e o tamén sociólogo Fernando Álvarez-Uría.

Non foron moitos, pero si moi cualificados, os traballos presentados nesta opción. Os estudantes que escolleron, en parte ou por enteiro, esta densa publicación do sociólogo francés especializado en temas educativos, levaron a cabo sólidos ensaios e traballos

contundentes a propósito dos aspectos nidamente reproductores da educación na nosa sociedade.

Si Durkheim foi a opción “europea”, Carlos Lerena debería ser, por dereito propio, a opción “española”. Ninguén traballou nunca tan a fondo e con tanto rigor e orixinalidade todo o relacionado coa evolución histórica e as características da educación española e, dunha maneira moi particular, coas “funcións sociais, políticas e ideolóxicas” -como el dicía- do sistema educativo español, nas súas distintas variantes: sistema tradicional, sistema liberal, sistema tecnocrático, etc. *Escuela, ideología y clases sociales en España* xa é un clásico da historia da educación española. Libro que deberían coñecer todos os que traballan nalgún lugar do sistema educativo e en calquera currunchu, por pequeno que seña. Porque nel están as claves últimas de nós mesmos e da nosa historia común.

E, despois da viaxe “universalista” de Ponce, da visión “europea” de Durkheim ou das calas “españolas” de Lerena, non podía faltar a última publicación pedagóxica, gañadora do último Premio da Crítica, que aborda un tema especialmente interesante da educación galega, da historia da nosa escolarización e da nosa alfabetización, editada por Xerais e pola que se decidiron máis de cen estudantes deste Curso. Estou a falar do libro de Narciso de Gabriel *Escolantes e escolas de ferrado*.

Sobre esta obra do noso compañeiro De Gabriel presentáronse traballos de tódalas clases. Traballos que eran ás veces recreación da propia temática do libro: memorias e lembranzas de familiares dos estudantes -na liña de investigación de *Escolantes*- ou ben, relatos de experiencias parecidas noutros ámbitos xeográficos; ou mesmo estudos críticos moi serios que pretendían atopar alternativas que iles coidaban máis universalizadoras. En fin, de calquera forma, unha parte moi considerable dos que escolleron esta opción amosáronse felices e disfrutaron coa lectura desta nosa “novela pedagóxica” coa que ven de regalarnos Narciso de Gabriel.

Dentro de esta “oferta” tan diversificada –polas características do Curso, polas circunstancias, polo número, etc.-, houbo tamén xente que se limitou a comentar textos clásicos ou a elaborar monografías en liña cos temas “máis de manual” do programa, evidenciando verdadeiras ansias de liberdade e de orixinalidade creadora. Tamén algúns –certo- que empregaron estes recursos para “atallar” e “liquidar” o traballo canto antes. Pero foron minoría insignificante... Porque, a maior parte, pon sempre o mellor de si.

Recordo agora mesmo un traballo erudito e completísimo sobre a educación na IIª República, a investigación exhaustiva dunha alumna que recolle o testemuño escolar de tres xeneracións (avoa, nai i ela mesma) ou un pequeno ensaio, sumamente orixinal, sobre a “pedagogía negra alemá” (os castigos físicos como compoñente “sádico”e, para certas capas sociais e certos *habitus* culturais, indispensábel no proceso de formación educativa –*Bildung*-) exemplificada, entre outros, pola infancia do mesmo Adolfo Hitler.

Ademáis de todo isto, para todas aquelas e todos aqueles que pretendían unha maior adecuación da súa carreira e do seu curriculum particular con esta materia de libre configuración que acababan de escoller e que responde a ese título de *Historia da Educación*, puiden confeccionar distintos “menús” académicos “á carta”.

Tratábase de ter a todo o mundo ocupado con traballos para os que se sentisen especialmente motivados e que non tiveran, en ningún caso, unha función distorsionadora no traballo académico específico de cada estudante. E tratábase tamén de invitalos á realización de traballos escolares para os que todas e todos se sentisen con certos recursos propios.

Así, para algúns matemáticos, estudos sobre D'Alembert ou Condorcet, xustamente na liña de confluencia das matemáticas e a educación ilustrada. Para economistas, Adam Smith, a economía política e a educación en Escocia. Para psicólogos, as fronteiras permeables da psicoloxía e a pedagogía nas liñas de traballo e nas investigacións sobre a medida da intelixencia en Binet e Simon, por exemplo; ou o tema sempre candente da educación especial vista por un clásico como Décroly; ou a experiencia apabullante de María Montessori no eido da medicina, a psicoloxía evolutiva e a educación infantil.

Algúns temas tamén para biólogos: estudos comparativos da educación primitiva coa evolución do home (lembro agora mesmo os estudos antropolóxicos clásicos de Lévi-Strauss, M. Mead ou Malinowski e a recollida que dalgún deles fai Ponce no seu libro); ou a educación primitiva e as consideracións de Faustino Cordón en *Cocinar hizo al hombre*. En fin, como se ve, con tantísima xente neste Curso, a casuística de traballos académicos forzosamente tiña que resultar variadísima, amena e ás veces, case chocante.

As memorias

Pero, sen dúbida, o tema estrela e a opción de máis éxito á que se apuntaron gran número de estudantes aquel 11-N, foi a opción que poderíamos chamar das “memorias escolares”. Isto é, unha invitación expresa que eu lles fixen a todas e a todos os amantes da escritura, e, por extensión, da lectura, da introspección e da autoanálise, a que, rompendo coa rutina do curriculum académico máis convencional, levasen a cabo, sen límite de extensión nin metodoloxía determinante algunha, en galego, español ou en calquera lingua peninsular ou romance, o que poderíamos chamar unha “memoria crítica da escola”.

Que quen quixera e como quixera, escribira, a través dos seus recordos escolares e desde a súa memoria vital máis remota -¿tres anos?...; parece que aí está a barreira impenetrable da nosa memoria persoal (Freud, Montessori, exprésanse así en varios lugares da súa obra)-, unha especie de memoria “pedagóxica” persoal, de autoanálise, de introspección, “entrando” sucesivamente nas distintas etapas do sistema educativo –primaria, secundaria, profesional e técnica, superior- e levando a cabo unha especie de “memoria crítica da escola *desde a Universidade*” -tal e como reza o título deste artigo-. Porque todos iles e todas elas están agora mesmo na Universidade...

En lugar de abordar un “tema” de *Historia da Educación*, estaban todos invitados a escribir a súa *particular historia da educación*. Algúns e algunhas titularon xustamente así o seu traballo: “historia da miña educación”. No fondo, foi un exercicio memorialista a través do cal elas e iles se iban dedicar durante algunhas semanas a escribir as súas memorias de infancia, adolescencia e primeira mocidade. Naturalmente, non quero nin debo persoalizar dunha maneira indiscreta. Todo isto pertence ó mundo da privacidade que só os seus autores poden facer público. Aínda que hai aspectos, naturalmente, dos que se pode falar sen menoscabo de ninguén.

Os títulos dos traballos case sempre responderon a unha intencionalidade de contido: “Memoria escolar”, descripción fría, ouxetiva e sen compasión dos tres niveis principais do sistema educativo, que “arranca”xa con un certo tono fatalista: “Mi madre había sido educada en aquel colegio y, por esto, mi padre y ella decidieron que mi hermana, y más tarde también yo, siguiésemos su camino. Pensaron que sería lo mejor para nosotras, para nuestra educación”.

“Memoria de Educación”, un estudio global que abrangue a escola, o barrio, o instituto, a rúa; unha fermosa reconstrucción contextual chea de poderío e calidade literaria: “Allí tuvieron H. y N. otro hijo, al que llamaron A. Y allí comenzó A. a asistir al colegio, en su ciudad natal, perdón, me corrijo, en su barrio natal, porque si hay algo que defina a ese barrio es que tiene personalidad propia. El barrio de C. está situado en el sur de F., y es el barrio más populoso de la ciudad, y también lo era en 1984, año en el que comenzó a asistir al colegio. Por aquel entonces, los astilleros de la ciudad que son, y han sido siempre su principal actividad industrial estaban sumergidos, como lo estuvieron a lo largo de toda esa década, en la famosa ‘reconversión naval’, que tal vez habría sido una buena idea si se hubiese quedado en eso, en una idea, porque la práctica fue algo muy distinto. Se dispararon las tasas de desempleo y con ellas la marginación y la pobreza”.

“Un paseo por mi vida” é un relato lúdico e serio a un tempo: “...A lo lejos, por el pasillo, se oía el ruido de unos tacones, que se acercaban cada vez más. La curiosidad me llevó a voltear la cabeza para descubrir quién era, vi a una señora de treinta y tantos años, con gafas y un montón de libros en las manos, que me sonrió al pasar; doña C. Entró en el aula a la vez que nos indicó, muy amablemente, que nos sentásemos en el pupitre...De ese momento tan sólo recuerdo los ojos nublados por las lágrimas que tenía mi madre y el murmullo de los niños del fondo.”.

“Mi memoria escolar”, relato dunha vida axitada, chea de acontecementos, de drama, de amor e de vitalidade: “Lo que fue un gran cambio para mi, fue el ambiente. Pasé de una escuela que me era totalmente familiar, donde conocía a profesores (que eran mis vecinos) y alumnos (que eran mis amigos, compañeros y chicos del pueblo) a un colegio enorme y desconocido, donde tenía que hacer nuevos amigos. El colegio era mixto/ Me hice amiga de una niña que se llamaba M. Era muy tímida y sacaba muy buenas notas. / Recuerdo a mi profesor de música por lo severo que era. Le consideraba cruel, porque cuando un chico fallaba le hacía poner la mano y le sacudía con la regla...Ahora que lo pienso le tenía un miedo aterrador. Había veces que el aire sonaba cuando sacudía la regla”.

“As miñas lembranzas escolares”, un “poema” solidario e un exemplo de épica familiar: “A miña sorpresa foi que ademais das opcións habituais [estase a referir á reunión do I-N]...propuxo unha nova: escribir as nosas memorias escolares./ Nese momento decateime de que tiña dous camiños, ou elixir unha das diferentes propostas de traballo ou enfrentarme ós meus recordos...Esa segunda opción, en cambio, era algo máis, era moito máis...Sabido é que a vida dun mesmo é máis cun libro; pero ese non era o problema...o meu problema á hora de afrontar esta tarefa era conseguir sacar forzas suficientes para describir momentos que están tan dentro de min que ás veces non apetece nin contar. Por

un lado quería facelo, mellor dito, necesitaba facelo; ó fin e ó cabo esta era unha oportunidade única para escribir as miñas peripecias nestes 19 anos de vida...Por outro lado, non había máis que medo, si, medo a comezar a furgar na cicatriz medio cerrada e arriscarse a que, en vez de conseguir sacar a espiña que levo dentro, a 'dor' sexa demasiado grande e comece a sangrar de novo...".

"Historia escolar", un estudio "científico", ordenado, minucioso e case "aséptico" do sistema educativo, nos seus distintos niveis. Basta con mirar o índice: "Preescolar. 1. Mi primer día de colegio. 2. Dos años en P. De G [nome dun pobo]. Educación Primaria: Primero y Segundo de EGB, Tercero, Cuarto y Quinto de EGB, Sexto, Séptimo y Octavo de EGB. Educación Secundaria: Primero de BUP, Segundo de BUP, Tercero de BUP, COU. Etc. Etc.

"Mi particular historia académica". Unha das historias máis sinceras e fondas dunha estudante de Psicoloxía: "Sé que me resultará muy difícil llevar a cabo este trabajo, más de lo que en un principio pueda parecer, ya que muchas veces, los recuerdos, sobre todo los de la infancia, una no sabe si son reales o fruto de la idealización y/o negación del pasado. Existen etapas muy claras en la memoria, momentos que han determinado (seguramente) la persona que soy ahora, pero existen también muchos otros de los que tan sólo conservo una leve imagen o sensación. La mayoría de ellos son situaciones de la vida diaria que, a pesar de parecer insignificantes y banales, han determinado mi personalidad actual, mis ideales, mis costumbres, etc."

Un título barroco: "Historia e reflexión sobre a miña vida escolar". Ou "Relato de mi vida estudiantil", collendo os aspectos máis estrictamente escolares. En fin, "Ésta es mi historia", narración impresionista dunha experiencia estranxeira chea de colorido e tenacidade, con dificultades no manexo do español, pero de gran calidade. Empeza así: "Me quedan dos días para hacer el examen de Parasitología, la verdad es que no lo llevo mal, ya que estudié muchísimo, pero el problema que tiene esta asignatura es que son muchos parásitos y se pueden confundir las características de cada uno con mucha facilidad, por eso estoy haciendo esquemas, porque así me resulta más fácil estudiar cada parásito (morfología, ciclo, patología, diagnóstico, distribución, profilaxis...). Esto es increíble, estoy aquí, en la Biblioteca de la Facultad de Farmacia, Universidad de Santiago de Compostela, preparando uno de mis exámenes de febrero 2004, haciendo una carrera que tanto me gustaba y que no podí [sic] hacer en mi país, Marruecos..."

Un título romántico, case rosaliano, dunha estudante de Educación Social: "Un anaquino da miña alma". Con este comezo: "A miña nai levaba semanas falando do cole. Supoño que era unha preparación para as dúas (xa que estabamos, estamos e estaremos moi unidas), para ir facéndonos á idea de que tiñamos que separarnos por unhas horas cada día..."

Ou este outro con unha estrutura e un tono moi de Ciencias da Comunicación, moi periodístico: "La memoria de mi vida escolar", memoria-reportaxe a mar de orixinal: "¡Aleluya! Hay un profesor que quiere escuchar mis pensamientos. Desde los 14 años más o menos, dejaron de mandarme las típicas redacciones que casi todo el mundo odiaba y que yo las hacía encantada de la vida, sobre todo cuando se referían a temas personales...Siempre me ha gustado plasmar mis pensamientos y que una persona como el pro-

fesor (normalmente distanciado de ti, que no sabe más de ti que cómo te comportas en clase y lo que has estudiado y te aplicas en la materia) lea cosas sobre ti...”.

Unha estudante de Medicina, nunha memoria con variadísimos rexistros, lembra así, en presente histórico, a un compañeiro de clase: “...M. es un niño de mi clase y es gitano. Huele raro y siempre lleva la misma ropa, menos el lunes que viene con camisa blanca y jersey rojo. Sus libros son los libros de su hermano mayor y están todos pintados de boli. Cuando nos dan la leche en el recreo él se bebe la mía porque a mí no me gusta nada la leche. Trae una bolsita con un poco de cola-cao en el bolsillo. Abre con mucho cuidado su cartoncito de leche y echa el cola-cao dentro. Remueve con el boli y se lo toma todo. A veces le queda un bigote blanco muy gracioso, porque M. siempre está muy moreno, aunque no vaya a la playa, y se le nota mucho el bigote blanco. A M. no le gusta nada doña M.A. porque siempre le grita mucho y le dice que es un imbécil y que jamás llegará a nada en la vida...”.

Un futuro biólogo di, por exemplo, na súa memoria: “Desde pequeño tuve dos grandes maestros: señor libro y señora calle. Del primero aprendí a leer, escribir, sumar, restar...Me dio una cultura que se me presume imprescindible para poder desenvolverte en esta sociedad y, dentro de lo que cabe, ser autosuficiente. Pero es sin duda del segundo maestro del que más educación adquirí. Dentro del término ‘calle’ englobo la familia, los amigos, el deporte, todos esos libros de los que nunca me han hablado, a la gente que me rodea, a mis enemigos (me gusta creer que no tengo)...y, por supuesto, a la calle en su significado más estricto...”.

É curioso, pero algúns dos traballos máis destacados, están escritos por estudantes que pasaron por ambientes socioeducativos difíciles e dos que saíron incólumes. En realidade, todo isto, todos estes pequenos fragmentos de memorias que veño reproducindo, non son máis que unha pequenísima mostra do gran número e a grande calidade dos traballos presentados. Xente destacadísima das cidades e das vilas. Exemplo completo desta nosa mocidade que vai a ser a *élite* dun futuro inminente. Mozos e mozas de gran consistencia moral e de valores firmes que sorprenderían seguramente a moitos que critican á mocidade só de oídas e polas apariencias máis convencionais. Grata, gratísima sorpresa a que se levarían se tivesen ocasión de coñecer estas memorias tan ricas.

O caso é que o éxito desa convocatoria foi tan grande que non só a gran maioría do alumnado escolléu esta opción, senón que, entre todos, escribiron unha maravillosa obra de arte colectiva da que eu quero deixar aquí constancia. Aínda que algúns entraron no tema con moito medo e outros con certa prevención; e algúns máis trataron só de probar, en principio; e outros decidíronse máis tarde; e algúns máis dubidaron un tempo; pero, ó final, esa foi a opción abrumadoramente maioritaria e, sen dúbida, o gran éxito desta convocatoria e deste Curso tan *sui géneris*.

~~Foi como unha catarse. Entre as máis de duascenas memorias, hai, como non podía ser menos, unha marea de datos interesantísimos, un inmenso e fabuloso material psicoanalítico. Hai memorias que eu chamaría memorias “clínicas”. Isto é, exercicios de autoanálise fondísima. Curiosamente, cáseque todas, de alumnas e alumnos de Psicoloxía. Como si xa estivesen preparándose para o seu traballo próximo e case inmediato... Todas elas,~~

escritas ás veces, con gran coidado e gran calidade literaria, pero, en todo caso, profundamente entregadas sempre, apaixonadas en moitos casos e mesmo asombradas de si mesmas a medida que iban sendo escritas. ¡Traballos –é ben certo- feitos para permanecer!

En xeral, crítica feroz e sen miramentos do sistema educativo en tódolos seus niveis. Non se salva ninguén. Nin a primaria pública (mestres que empregan os castigos físicos e a tortura psicolóxica) nin os colexios relixiosos (¡ cousas terribles as que as rapazas alí educadas contan dalgunhas monxas!). Nin a secundaria pública (de cada dez profesores só se salvan dous ou tres) nin a privada (¡ con unha desidia e unha pobreza que mete medo ou dun “elitismo” noxento!). A Universidade tamén sae bastante malparada (aínda que non tanto, entre outras cousas, porque os “memorialistas” están case todos nos primeiros anos de carreira e agardan un pouco máis para facer un xuízo definitivo).

En xeral, a xente que se decantou pola “memoria” é, ben porque se sitúa na crítica radical ó sistema educativo ou, ben, curiosamente, por todo o contrario, porque garda unha lembranza máis ben doce do seu paso por il. Ou, en todo caso, porque “necesita” facer balance e falar da súa memoria persoal e, en xeral, da súa vida. Hai xente á que lle veu moi ben este exercicio á hora de poñer os recordos en orde. E outra que, ó facelo, se encontrou con “sorpresas” e “autodescubrimentos” inesperados. En realidade, como se pode supoñer, a experiencia saíulle ben; os que non puideron con ela, desistiron da mesma –sei dalgúns casos- e escolleron outra opción.

Memorias “clínicas” ou case “clínicas” -dicía- nalgúns casos (a xulgar polo contido psicolóxico das mesmas). Relatos, por exemplo, de futuras médicos contándome as súas primeiras experiencias clínicas *de verdade*. As primeiras prácticas, os primeiros sobresaltos. Un parto, unha anestesia, un informe delicado, en fin, a historia dos inicios dunha profesión.

En definitiva, unha experiencia inesquecible e moi, moi positiva desde tódolos puntos de vista. Relatos serios ou divertidísimos, según os casos. Historias familiares sobrecolleadoras. Experiencias persoais lixeiras, fortes, alegres, rigurosas, pero sempre magníficas. Retrato expresionista, vivo e palpitante da poboación estudiantil de Compostela neste curso 2003-2004.

Compostela, marzo, 2004.